



Luisa Abad

o punto de maduración

Edición Agasallo



Luisa Abad

o punto de maduración

Edición Agasallo

Nacín na Coruña (1951)
Comecei a escribir poemas
cando me xubilei da docencia.
Abrir a ventana á poesía
é unha das experiencias
máis gratificantes desta etapa
da miña vida.

Asisto semanalmente
ao obradoiro literario de
Antía Otero, e con ela, e coas
compañeiras e compañeiros
aprendo cada día.
Tamén, agradezo a Dores
Tembrás e Yolanda Castaño
todas as súas ensinanzas.

Este exemplar
pertence a primeira
tirada do poemario
«o punto de maduración»,
unha edición agasallo
de 125 exemplares únicos,
todos eles numerados e
asinados pola autora.


© Poemas: Luisa Abad
© Deseño/Edición: Felipe Trillo

Edición creada, deseñada
e impresa en Galicia.

Este poemario
recolle unha escolma
dos meus poemas
destes tres últimos anos

e con el
quero agasallarvos
a familiares e amig@s

é o primeiro chanzo
dunha escaleira
que comezo a subir
hoxe



Ás veces
entra un poema
mosca de verán
pola fiestra
lizgairo
os versos tiran uns dos outros
cereixas dun cesto
ordénanse
vagóns dun tren

florece en dez minutos
mais talvez levaban
agromando
moito tempo

Outras veces
non é tan doado
hai que baleirar
para a ocasión
os botes das metáforas
do almacén da memoria

Algunhas ideas resístense de máis
agóchanse no fondo da fraga
hai que ir buscalas
coa machada na man

A obra rematada
pura alquimia
meter palabras
sacar vida

Buracos negros na mente enferma
tren varado en vía morta

a man pechada da criatura á que lle
acaba de escapar un globo
a man aberta do mago
que fixo desaparecer a moeda

estadios ás cinco da madrugada
Penélope en noites de desolación

espazo interior da última matrioska
cadernos o primeiro día de escola

horror vacui
encher con palabras, acenos, sorrisos
os días
o espertador a soar
tres notas aínda pendurando da lámpada
o run run do pensamento presente

a folla en branco diante

No luscofusco do sono
invento
rescato imaxes
que non sei se vivín
ou tecín mentres durmía

son a miúdo
moito máis orixinais
que as que teño esperta

que non daría
por alongar durante todo o día
a transparencia
que apenas dura
uns instantes
no luscofusco do sono

Contra a parede castigada
outra vez
por nena mala
que falou de máis na escola

no muro grafitea Banksy un poli
botando unha mexada esgallada
preto dunha enredadeira cega

entre as pedras inxectan
mensaxes de lamento e vergoña
na cidade ocupada

ante os valos
sobre o chan
baixo as árbores
miles de mulleres a diario
violentadas

ata que
trinta ladrillos
deciden suicidarse
e abrir
unha ventá
nas paredes cómplices da infamia

Pisei
unha póla de fiúncho
anisei
as pegadas

Raiolas de outono
tímidas e mornas
escasas para aledar
tras da choiva
préstanlles aos campos
infindos matices ocre

ogros abafando
desatan lume

queda alfombrado
o chan da miña rúa
de follas do liquidámbur

chegan á miña porta
petan
 entran a velocidade de cruceiro

doulle paso a decembro
ata a cociña
onde as flores de Nadal
relampan en vermello e verde
tomaremos un té quente
agardando polo inverno

Gústame pintar as uñas
dos pés
poñer con coidado
algodón entre as dedas
estirar docemente
a laca vermella e

encántame
como me miras con disimulo
mentres pinto as uñas dos pés

Non cambiaría este lugar
por ningún outro
o anxo sentado
o cabalo negro
as dúas pombas de peito transparente

nin que o mundo lle regalara
a súa alma

neste intre só a materia
a seduce

mandarinas e rosas flamengo
nácenlle nos ollos
luz de lume coféalle as mans
corcheas e negras
xuran en falso
cambalean
polo taboleiro de xadrez
dialogan sen atropelarse
nun arpexo perfecto

sucedáneos de deuses
compiten por atraela

non escoita os seus cantos morbosos
o pracer surfeando no outono
virtuosismo doméstico

a razón non sempre ten razón
tocar fondo
e tocar teito
van ser a mesma cousa

*Deixa un bico no espello
onde arde a miña sombra pola noite
— Lois Pereiro*

Tiven un amor de goma de mascar
de amorodo salvaxe
que ás veces me sabía a limón

estirei nel a miúdo
facendo burbullas
que estouparon e
me beliscaron no nariz
daquela
biqueime no espello
e o meu bico deixou una pegada
de sofá daliniano

así, así
animábame a miña voz interior
que recordaba
tempos nos que non era quen de quererme
nos que debín de atravesar
unha paisaxe de invernía
da que saquei neve
a padas
até deixar ao descuberto risas cancións
que agochaba a brancura

Garda as cartas que el lle enviaba
xunto cun disco de Elvis
na caixa floreada

non é quen de abrila
queima

máis cando lle quita o po
agora egua cansada
debuxa na face un lene sorriso
e estremécese
coa mesma ardentía
que sentía sobre a pel
cando recibía

os seus beixos de papel

Petróglifos de amor
alfaías
da avoa
fonte de beixos

nobelos de mel
agora
nas orellas
de quen foi
«a súa xoíña»

No andel máis alto
viviú aquel libro que
trinta anos atrás
me entusiasmara

pastas gastadas
olor a vello
áspero papel cheo de humidades
nas miñas mans

a metade das letras
desaparecéranlle
e as que quedaban
agora
tiñan outro significado

Ela
leoa salvaxe
é apenas gata domesticada
cando viaxa
polo seu campo magnético

Hai cadáveres enterrados
e vivos
neste barrio chinés
de lúa verde

gatos policía vixían

o sifón amarelo
escoita os poetas nihilistas
emigrantes novos e vellos
profetas do fracaso

desfán a saia da cidade
e constrúena con máis frunce
lávanlle a cara
agáchanlle as vergoñas

os nove ollos da parede
tutelan a comida
das pombiñas

*Unha vez tiveron
un cravo cravado no corazón
— Rosalía de Castro*

Entón que é esta ausencia tan fonda
onde o cravo estivo
que tamén mata

como saberá se está morta?

busca a súa propia necrolóxica
no xornal cada mañá

talvez a morte non lle chegue
mais o corazón xa non latexa

ninguén dixo que vivir fose de balde

Lava coa dor nas costas
fai o caldo

frega e limpa
as mans cuarteadas

pasa o ferro aos vestidiños
brancos con bordados
amidónaos
mandalas de varices
nas pernas

tece polas noites
con paciencia
pezas de la

pare
sen un chío
axudada polo home
no cuarto do fondo

tan discreta

Liñas puras
metálicas
do balde da roupa de clareo
verde e margaridas

o nariz contra o cristal da pastelería
devecendo polos merengues
inalcanzables
cada tarde ao voltar da escola

os pés quecendo
na envoltura de la do caneco

tres moedas de patacón
para cambiar tebeos
do capitán Trueno

nas feiras
dunha man da avoa
na outra o cesto de vimbios
cos ovos

e o pai
superheroe
guerreiro de Xi'am doméstico
que coa espada cortou
o seu cordón umbilical

Este mes
pasou coma unha película
na que non fun protagonista

colecciono respostas
que ninguén quere escoitar
e vanse esluíndo
a medida que as mans
se enchen de manchas

os meses, os anos
vanme vivindo
incansables
viaxan en tren e eu vou
andando

Enfío
pingas de orballo
farei con elas
unha alfaia

vestireina a noite
en que esteas
de volta

As máis das veces
gustaríame ser coma ti
explotas
descontrolas coma as crianzas
pombas en voo raso no recreo
e non deixas dentro nada

eu encaixo
igual que a resaca
na area da praia
escorrenta a auga
sempre deixo
pouso

volvo sorrir repóñome
todo semella calmo
gata de angora interpretando
mais o belisco de fel agarda
aló dentro

na primeira ocasión
crávocho con palabras
mainas pero acres

Arrolo no colo do inverno
coa camisa perfumada
os zapatos memorizaron o camiño
volven a ti

a sabendas de que es
esa pinga
que bailando cadenciosa
oxida e tradea
os meus soños

Preciso
desandar o nobelo agre e doce
que teciches arredor de min

vítima da memoria
quero viaxar no ombreiro do vento
a ese tempo
onde gocei momentos
tan curtos coma un pestanexo

Planto un valado de aramio espiñento
no medio da cama
semento odios e alertas

vólvome ourizo cacho
mentres imaxino
vinganzas de traxedia grega
rememoro boleros de desamor
(paisaxe de guerra en branco e negro)

entón...
falas

a túa voz
engraxada de familiares ecos
é bálsamo para a queimadura
e as defensas
derrétense
xeo no sol

Vomito nun suspiro
palabras enfermas
e palabras mortas

atropélanse na alfombra
mil matices grises

escoito a túa voz
vento de ortigas
intemperie

frío que mata
non hai atallos
esta noite

*Yo agito pañuelos en la noche y
barcos sedientos de realidad bailan conmigo
— Alejandra Pizarnik*

Bandeira branca
xogamos a un xogo
sen regras
derrubamos un tras doutro
os ceos posibles

watts, litros, quilos de fracaso
escapan
pola porta
fado
a noite éncheo todo
sen competidores

Neste cuarto ocre
as mans ábrense vencidas
os corpos aférranse con ansiedade
náufragos
en misión sagrada

a guerra líbrase dentro e fóra

ao planeta apértanlle
as costuras do vestido
perde graxa nunha dieta salvaxe
e equilibra o número de habitantes

bonecas queimadas nas lapas
cóccix en abano
rebentan a carne e a terra

inocencia mallada
a ola dunha piñata

Mil veces namorou del
e outras tantas desandou o camiño
lama e hedras

hoxe trunfa en ouros
mañá en bastos
no tellado o catavento
ben engraxado

amarrada como a barca
á súa poutada
doma a ansiedade
vagarosa

patina sobre os carambos das pozas

coleccionan beixos os seus labios
tenos de ourego e menta
de xenxibre e fel

vive nunha ruleta rusa
ou morre
ou se salva

nunca se aburre

Auga sempre fresca sempre diferente
esnaquiza os beizos

muller home marioneta
de fíos movidos pola traxedia
face pálida
pantasma sen saba
incompleta

espasmódica
galiña sen cabeza

varrer a casa por dentro
repoñer os vidros
desenvenenala

calibrar o grosor do odio
transgredir

Gastado
sen arestas
con ferruxe

nel couberon todas esas
palabras xigantes
 paixón, desexo ...
que a forza de uso
non deixan de ser
lugares comúns

manchas brancas de salitre
non dan secado
apreixan o olor a humidade
e podremia

volcán extinguido
apenas quenta
 só deixa
 un enorme cráter

Nunca te tiven
cara a cara
vin algunha vez as túas costas
ao lonxe

téñoche respecto
polo que oín contar
non teño interese en coñecerte
nin te nomeo en van

temo máis á vellez do que te temo a ti
así que cando te presentes
non quero ser violenta
nin botarche en cara
as túas esixencias de vida

tentarei poñerme no teu lugar
comprender o traballo que fas

sería pouco elegante
non aceptar
que es cita
ineludible
á que quero acudir
con bo ánimo

Antes que chegue a primavera
desfaremos a casa familiar
de nubes negras

as mesas de noite ateigadas
de medicamentos para reciclar

cada estancia garda unha trampa

frío incandescente nos corredores
tatúan a pel de nostalxias
a cociña arrecende á torta de galleta
e chocolate dos aniversarios
panxoliñas pouco afinadas
nas noites de noces e mazapán
renxe a cama de caoba
na que naceu unha mañá calorosa
os anticonceptivos da adolescente
agochados na caixa das pestanas postizas
no baño

baleira os caixóns de nobelos de la
agullas tecedoras de calor
e soños cumpridos

as imaxes escorregan
entre as mans enxoitas

pecha o álbum da historia coñecida
adelgázaa de mobles e plantas
do enxoval con aromas de nai e avoa
pousa a memoria das vidas acabadas
empurra a porta a derradeira vez

A la volvíase seda
cando ela tecía
un bosque de tenrura
vivía nos seus ollos
corpo gastado
que ofrecía sempre
certezas
nas sestas cheas de confidencias
e pés quentes

ten nostalxia da súa voz de moscatel
agora que por veces detecta
ecos na propia

colle o teléfono con ánimo
de escoitala
no segundo cabodano
pero
non atopa cobertura

sobrevive coa memoria
mutilada
estragada para sempre
percibíndoa cada día
na cadencia da carraspeira
e nas mans herdadas

Non che levo flores por defuntos
ao cemiterio mariño
onde medran entre as lápidas herbas
orfas de sol

non quero levalas

nin camelias, nin rosas
nin calas
esas polas que toleabas

leveichas á túa casa
acotío
gozábalas
agarimosos ollos acibeche
pícaros

as columnas barrocas
do ADN
apegáronme a túa afección
e xuntas compartimos
últimas tardes recedentes
 desordes de fucsias, confidencias e canela

peiteábalas
estética ikebana
neste floreiro de arxila
que agarda lagañoso
sobre encaixe de Camariñas

nostálxico das túas mans

A tarde pasada
tiven un sentimento dubidoso
irracional aloucado picante

entomóloga
examineino coa lupa
de vinte aumentos

tiña riscos semellantes aos meus
pero ulía a anís
pechaba os óvalos polas dúas
e sabía bailar bachata

souben que era falsificado
pero disimula ben

usareino ao meu favor
na primeira ocasión
que se presente

Canta Bruce
na cociña en desorde
New York Habana Barcelona
xogan ás catro esquinas

carrusel
gastronómico
celebración diaria

daiquiri cava
queimada
conxuros de meiga sen vasoira
arredor do mesado de mármore negro

altar das rutinas
o mantel do silencio
oculta mentiras

corrente entre portas
enfrentadas
arrefría a violeta africana
do testo modernista

A mora
agarda por min na silveira
no punto de maduración

...

2015
Primaveira

